

Puntos limpos

Punto limpo móbil

Novo punto limpo itinerante que percorrerá en días e horarios establecidos cada recuncho do noso concello.

Pensado para a recollida de residuos que non deben botarse nos contedores da rúa, como pilas, móbiles, lámpadas...

Punto limpo no polígono industrial de O Campiño

Os residuos deben vir clasificados, xa que non se recollen mesturados.

Sitúase nas instalacións de Prezero, rúa Monte Louredo, 16, Polígono de O Campiño, 36158. Pontevedra.

O horario de atención é:

Martes a venres de 10.00 h a 14.00 h e de 16.00 h a 19.00 h

Sábados de 9.00 h a 13.00 h

Voluminosos

Se queres retirar da túa casa un moble ou obxecto voluminoso dispoñemos dun servizo sinxelo e rápido.

Chámanos ao **986 85 02 25** e serás atendido/a por unha persoa de Prezero coa que poderás fixar o día e a hora que mellor che conveña para a recollida.

O novo é
se para
raar



Concello
de Pontevedra

pre
zero

Máis información en
residuos.pontevedra.gal



RESPONSÁBEIS
Pontevedra, máis para vivir mellor.



Concello
de Pontevedra

pre
zero



Amarelo (envases)



Deposita os envases baleiros e, se é posible, compactados.

SI

- Botellas e botes de plástico.
- Bandexas e tapóns de plástico ou aluminio, latas, envases pequenos de madeira e briks.
- Bolsas de plástico non compostable.
- Envoltorios tipo film.

NON

- Todo residuo de plástico ou metal que non sexa un envase (xoguetes e caldeiros, tubaxes, etc.).



Azul (papel-cartón)



Quítalle as grampas ou calquera elemento metálico que poidan ter. Dobra o material antes de deixalo.

SI

- Embalaxes e caixas de cartón.
- Folios, xornais, folletos do súper, revistas...

NON

- Briks.
- Panos de mesa e panos de man de papel usados.
- Papel de cocina usado.



Verde (vidro)

SI

- Botellas, botes, frascos e tarros de vidro, sen tapas nin tapóns.

NON

- Cristal e residuos de vidro que non sexan envases (lámpadas, espellos, vasos...).



Marrón (biorresiduos)

SI

- Restos de alimentos cociñados ou crus.
- Café (pousos e filtros de papel). Bolsas de infusións sen grampas.
- Tapóns de cortiza, panos de mesa de papel e papel de cociña usados.
- Plantas pequenas.

NON

- Cabichas e cinzas.
- Téxtiles sanitarios.



Gris (resto)

SI

- Residuos de limpeza como po de varrer ou a bolsa da aspiradora.
- Cueiros, compresas, tampóns...
- Cabichas e cinzas
- Excrementos de animais.
- Plástico ou metal que non sexa un envase.
- Vidro que non sexa un envase e anacos pequenos de cristal.

NON

- Medicamentos.
- Biorresiduos e demais residuos compostables.



Pilas

Deposita as pilas e acumuladores de uso doméstico. Podes atopar este contedor en locais municipais e establecementos colaboradores.



Aceite

Deposita o aceite usado de cociña en botellas de plástico (de 1 ou 2 litros), transparentes e ben pechadas. **Non deixes aceite de cociña en botes de vidro nin aceite de motor.**